



AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO  
correo@amigosdadorna.org

**Expte.:** SI.2022.0215.CLA

**Asunto:** Notificación de publicación da resolución pola que se inclúe no Censo do patrimonio cultural de Galicia a embarcación tradicional denominada Praia de Panadeira.

**Procedemento:** RESOLUCIÓN do 27 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se inclúen no Censo do patrimonio cultural de Galicia varias embarcacións tradicionais.

Para cumprir co que dispón o artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015), e o establecido no artigo 14, Censo do Patrimonio Cultural, da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, achégolle achégolle a seguinte resolución que foi publicada no Diario Oficial de Galicia, número 196, do 14 de outubro de 2022.

\* \* \*

RESOLUCIÓN do 27 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se inclúen no Censo do patrimonio cultural de Galicia varias embarcacións tradicionais.

A Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro do artigo 149.1.28 da Constitución española e segundo o disposto no artigo 27 do Estatuto de autonomía, asume a competencia exclusiva en materia de patrimonio cultural. En exercicio desta, apróbase a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16 de maio), en diante, LPCG.

O título V da LPCG regula o patrimonio cultural inmaterial de Galicia, co fin de salvagardalo mediante distintas medidas dirixidas a garantir a súa visibilidade, como a identificación, documentación, investigación, preservación, protección, promoción, valorización, transmisión e revitalización deste patrimonio nos seus distintos aspectos.

O Decreto 52/2019, do 9 de maio, polo que se declaran ben de interese cultural as técnicas construtivas da carpintería de ribeira (DOG núm. 99, do 27 de maio), en diante Decreto 52/2019, declara as técnicas construtivas da carpintería de ribeira como unha manifestación inmaterial do patrimonio cultural de Galicia. Este decreto establece, no seu anexo II, as medidas de salvagarda para as técnicas construtivas da carpintería de ribeira, entre as que se atopa o Censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia.

Antecedentes.





1. Na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural entraron vinte e sete solicitudes de anotación de embarcacións tradicionais no Censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia, como manifestación das técnicas construtivas da carpintería de ribeira.
2. No Servizo de Inventario abríronse os correspondentes expedientes administrativos, que están completos, e nos cales constan os informes dos mestres carpinteiros de ribeira e da Asociación Galega de Carpintería de Ribeira que conclúen que as vinte e sete embarcacións poden ser consideradas como embarcacións tradicionais galegas.
3. O 21.7.2022 reúnese o órgano de xestión para as medidas de salvagarda das técnicas construtivas da carpintería de ribeira, e acorda recoñecer como embarcacións tradicionais galegas as seguintes:

| Nome da embarcación | Folio            | Núm. de expediente. Servizo de Inventario |
|---------------------|------------------|---|
| As Netas            | 7ª GI-4-1-93     | SI.2021.081.CEN                           |
| Xeiteiro            | 7ª VILL-4-3-13   | SI-2022-0027.CLA                          |
| Enanita             | 7ª VILL-1-23-10  | SI-2022-0031.CLA                          |
| Visenta             | 7ª CO-6-1-16     | SI-2022-0033.CLA                          |
| Orixes              | 7ª VILL-4-21-06  | SI-2022-0036.CLA                          |
| Coruxo              | 8ª VI-5-7-06     | SI-2022-0037.CLA                          |
| Tesedeira           | 7ª VILL-1-14-10  | SI-2022-0040.CLA                          |
| Secreta             | 7ª VILL-4-2-08   | SI-2022-0041.CLA                          |
| Fuxe                |                  | SI-2022-0042.CLA                          |
| Chilera             | 7ª VILL-4-4-10   | SI-2022-0043.CLA                          |
| Illa de Toralla     | 8ª VI-5-3-11     | SI-2022-0050.CLA                          |
| Praia da Fontaiña   | 8ª VI-5-12-05    | SI-2022-0051.CLA                          |
| Praia do Vao        | 8ª VI-5-14-05    | SI-2022-0052.CLA                          |
| Maraxe-12           | 7ª VILL-1-7-97   | SI-2022-0054.CLA                          |
| Delia               | 7ª VILL-4-15-08  | SI-2022-0115.CLA                          |
| Caramecha           | 7ª VILL-4-19-09  | SI-2022-0116.CLA                          |
| Mimela              | 7ª VILL-4-10-08  | SI-2022-0117.CLA                          |
| Rosalía Dúas        | 7ª VILL-4-11-08  | SI-2022-0118.CLA                          |
| Carminha            | 7ª VILL-4-14-08  | SI-2022-0119.CLA                          |
| Bote de Pao         |                  | SI-2022-0129.CLA                          |
| Beliña              | 7ª VILL-1-42-97  | SI-2022-0169.CLA                          |
| Bicoca              | 7ª VI-1-25-06    | SI-2022-0212.CLA                          |
| Coninha             | 7ª VI-1-5-99     | SI-2022-0213.CLA                          |
| Jatiña              | 7ª VILL-1-19-99  | SI-2022-0214.CLA                          |
| Praia da Panadeira  | 7ª VILL-3-50-10  | SI-2022-0215.CLA                          |
| Surfeira            | 7ª VILL-1-101-98 | SI-2022-0216.CLA                          |
| Vigo Cinco          | 8ª VI-5-13-05    | SI-2022-0245.CLA                          |

Consideracións xurídicas.

1. A competencia para resolver o presente expediente corresponde á directora xeral de Patrimonio Cultural, segundo o artigo 19.1 do Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se





establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126, do 4 de xullo).

2. O artigo 14 da LPCG regula o Censo do patrimonio cultural e o seu ordinal terceiro establece o seguinte: «a inclusión dun ben no Censo do patrimonio cultural non determinará a necesidade de autorización administrativa previa para as intervencións sobre o dito ben. O Censo servirá como elemento de referencia para a emisión dos informes que sexan competencia da consellería competente en materia de patrimonio cultural. Así mesmo, servirá como instrumento complementario para os responsables da xestión sustentable dos recursos culturais, a ordenación do territorio e o desenvolvemento económico».

3. O artigo 91.1 da LPCG define o patrimonio etnolóxico protexido legalmente do seguinte xeito: «Para os efectos desta lei, integran o patrimonio etnolóxico de Galicia os lugares, bens mobles ou inmobles, as expresións, así como as crenzas, coñecementos, actividades e técnicas transmitidas por tradición, que se consideren relevantes ou expresión testemuñal significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego ao longo da historia».

As técnicas construtivas da carpintaría de ribeira constitúen pois manifestacións inmateriais dese patrimonio etnolóxico obxecto de protección, e o seu réxime xurídico complétase co Decreto 52/2019 polo que se declaran ben de interese cultural as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira, que no seu punto 2 do seu anexo II establece que: «para o coñecemento e difusión das embarcacións que teñan a consideración de embarcación tradicional galega e dos barcos históricos de Galicia, así como para promover outras medidas de fomento para a súa conservación e protección, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural xestionará un censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia, de rexistro voluntario, no cal as embarcacións serán anotadas, despois do informe do órgano de xestión ou os informes técnicos que correspondan, que avaliará a antigüidade, autoría ou correspondencia cos modelos tipolóxicos. O devandito censo, entendido como unha sección do Censo do patrimonio cultural, conterá información sobre a súa denominación, a súa tipoloxía, os datos descritivos e dimensionais básicos e a localización do seu porto habitual».

Así pois, as embarcacións tradicionais relacionadas no ordinal terceiro dos antecedentes da presente resolución, á vista dos informes que constan nos respectivos expedientes administrativos, e segundo o acordo acadado polo órgano de xestión para as medidas de salvagarda das técnicas construtivas da carpintaría de ribeira, na súa xuntanza do 21 de xullo de 2022, reúnen os requisitos para a súa inclusión no Censo do patrimonio cultural de Galicia.

Por todo o exposto,





RESOLVO:

Primeiro. Anotar no Censo do patrimonio cultural de Galicia, na sección Censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia, as embarcacións tradicionais relacionadas no ordinal terceiro dos antecedentes da presente resolución, cuxas descrições figuran no anexo I.

Segundo. Ordenar a publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro. Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

Cuarto. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

A directora xeral de Patrimonio Cultural

P.S. (Decreto 119/2022, do 23 de xuño; DOG núm. 126, do 4 de xullo)

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

ANEXO I

Descrición dos bens

| Denominación da embarcación | Indicativo de matrícula | Categoría                      | Tipoloxía                     | Datos descritivos e dimensionais básicos   | Localización do seu porto habitual |
|-----------------------------|-------------------------|--------------------------------|-------------------------------|--|------------------------------------|
| As Netas                    | 7ª GI-4-1-93            | Embarcación tradicional galega | Bote                          | Ten unha dimensión de 6,02 de eslora; 1,70 de manga; e 0,70 de puntal. Así mesmo, posúe unha tonelaxe de 1,73 T.R.B.   | Oleiros                            |
| Xeiteiro                    | 7ª VILL-4-3-13          | Embarcación tradicional galega | Motora das Artes (anos 50-60) | Ten unha dimensión de 9,45 (T) de eslora; 2,75 de manga; e 1,05 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 5,60 T.R.B. | O Grove                            |
| Enanita                     | 7ª VILL-1-23-10         | Embarcación tradicional galega | Dorna Cordeleira              | Ten unha dimensión de 4,6L de eslora; 1,63 de manga; e 0,60 de puntal. Así mesmo, posúe unha tonelaxe de 1,00 T.R.B.   | Ribeira                            |
| Visenta                     | 7ª CO-6-1-16            | Embarcación tradicional galega | Buceta (canoa muradá)         | Ten unha dimensión de 5,15 (L) de eslora; 1,66 de manga; e 0,74 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 1,49 T.R.B. | Muros                              |
| Orixes                      | 7ª VILL-4-21-06         | Embarcación tradicional galega | Dorna Polbeira                | Ten unha dimensión de 4,50 de eslora; 1,63 de manga; e 0,60 de puntal. Así   | O Grove                            |





| Denominación da embarcación | Indicativo de matrícula | Categoría                      | Tipoloxía               | Datos descritivos e dimensionais básicos  | Localización do seu porto habitual |
|-----------------------------|-------------------------|--------------------------------|-------------------------|---|------------------------------------|
| Coruxo                      | 8ª VI-5-7-06            | Embarcación tradicional galega | Galeón                  | mesmo, posúe unha tonelaxe de 1,65 T.R.B.<br>Ten unha dimensión de 9,00 (L) de eslora; 3,20 de manga; e 0,95 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 4,00 G.T. | Vigo                               |
| Tesedeira                   | 7ª VILL-1-14-10         | Embarcación tradicional galega | Dorna Cordeleira        | Ten unha dimensión de 4,97 (L) de eslora; 1,80 de manga; e 0,66 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 1,69 T.R.B.  | Ribeira                            |
| Secreta                     | 7ª VILL-4-2-08          | Embarcación tradicional galega | Dorna Cordeleira        | Ten unha dimensión de 4,55 de eslora; 1,46 de manga; e 0,50 de puntal. Así mesmo, posúe unha tonelaxe de 0,93 T.R.B.  | O Grove                            |
| Fuxe                        | 7ª VILL-4-11-93         | Embarcación tradicional galega | Dorna Cordeleira        | Ten unha dimensión de 4,00 de eslora; 1,55 de manga; e 0,62 de puntal. Así mesmo, posúe unha tonelaxe de 0,94 T.R.B.  | O Grove                            |
| Chilera                     | 7ª VILL-4-4-10          | Embarcación tradicional galega | Dorna Cordeleira        | Ten unha dimensión de 4,35 (L) de eslora; 1,60 de manga; e 0,62 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 1,47 T.R.B.  | O Grove                            |
| Illa de Toralla             | 8ª VI-5-3-11            | Embarcación tradicional galega | Dorna de Tope           | Ten unha dimensión de 7,27 (L) de eslora; 2,46 de manga; e 1,28 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 1,37 G.T.  | Vigo                               |
| Praia da Fontaiña           | 8ª VI-5-12-05           | Embarcación tradicional galega | Gamela coruxeira        | Ten unha dimensión de 4,50 de eslora; 1,65 de manga; e 0,58 de puntal. Así mesmo, posúe unha tonelaxe de 0,90 T.R.B.  | Vigo                               |
| Praia do Vao                | 8ª VI-5-14-05           | Embarcación tradicional galega | Bote Polbeiro de Bueu   | Ten unha dimensión de 4,90 de eslora; 2,20 de manga; e 0,75 de puntal. Así mesmo, posúe unha tonelaxe de 1,83 T.R.B.  | Vigo                               |
| Maraxe-12                   | 7ª VILL-1-7-97          | Embarcación tradicional galega | Dorna Cordeleira        | Ten unha dimensión de 4,50 de eslora; 1,55 de manga; e 0,57 de puntal. Así mesmo, posúe unha tonelaxe de 0,68 T.R.B.  | Ribeira                            |
| Delia                       | 7ª VILL-4-15-08         | Embarcación tradicional galega | Dorna Polbeira          | Ten unha dimensión de 4,64 (T) de eslora; 1,72 de manga; e 0,64 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 1,00 T.R.B.  | O Grove                            |
| Caramecha                   | 7ª VILL-4-19-09         | Embarcación tradicional galega | Dorna Polbeira          | Ten unha dimensión de 4,67 (L) de eslora; 1,74 de manga; e 0,65 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 1,49 T.R.B.  | O Grove                            |
| Mimela                      | 7ª VILL-4-10-08         | Embarcación tradicional galega | Dorna Polbeira          | Ten unha dimensión de 4,64 (T) de eslora; 1,72 de manga; e 0,64 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 1,00 T.R.B.  | O Grove                            |
| Rosalía Dúas                | 7ª VILL-4-11-08         | Embarcación tradicional galega | Dorna Polbeira          | Ten unha dimensión de 4,67 (T) de eslora; 1,70 de manga; e 0,67 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 1,00 T.R.B.  | O Grove                            |
| Carminha                    | 7ª VILL-4-14-08         | Embarcación tradicional galega | Dorna Polbeira          | Ten unha dimensión de 4,67 (T) de eslora; 1,74 de manga; e 0,66 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 1,00 T.R.B.  | O Grove                            |
| Bote de Pao                 | 7ª FE-4-19-08           | Embarcación tradicional galega | Bote Polbeiro de Ferrol | Ten unha dimensión de 5,80 de eslora; 2,17 de manga; e 0,67 de puntal. Así mesmo, posúe unha tonelaxe de 2,44 T.R.B.  | Ferrol                             |
| Beliña                      | 7ª VILL-1-42-97         | Embarcación tradicional galega | Dorna Cordeleira        | Ten unha dimensión de 4,70 de eslora; 1,70 de manga; e 0,70 de puntal. Así mesmo, posúe unha tonelaxe de 1,38   | Ribeira                            |





| Denominación da embarcación | Indicativo de matrícula | Categoría                      | Tipoloxía                  | Datos descritivos e dimensionais básicos<br>T.R.B.  | Localización do seu porto habitual |
|-----------------------------|-------------------------|--------------------------------|----------------------------|---|------------------------------------|
| Bicoca                      | 7ª VI-1-25-06           | Embarcación tradicional galega | Dorna Polbeira             | Ten unha dimensión de 4,65 (L) de eslora; 1,71 de manga; e 0,69 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 3,19 T.R.B.  | Portonovo-Sanxenxo                 |
| Coninha                     | 7ª VI-1-5-99            | Embarcación tradicional galega | Dorna Polbeira             | Ten unha dimensión de 4,65 (L) de eslora; 1,73 de manga; e 0,60 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 1,00 T.R.B.  | Portonovo-Sanxenxo                 |
| Jatiña                      | 7ª VILL-1-19-99         | Embarcación tradicional galega | Dorna Xeiteira             | Ten unha dimensión de 6,10 de eslora; 2,10 de manga; e 0,90 de puntal. Así mesmo, posúe unha tonelaxe de 1,35 T.R.B.    | Ribeira                            |
| Praia da Panadeira          | 7ª VILL-3-50-10         | Embarcación tradicional galega | Dorna de Media Construción | Ten unha dimensión de 5,37 (L) de eslora; 1,98 de manga; e 0,80 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 2,21 T.R.B.  | Vilagarcía de Arousa               |
| Surfeira                    | 7ª VILL-1-101-98        | Embarcación tradicional galega | Dorna Nai                  | Ten unha dimensión de 7,97 (L) de eslora; 2,61 de manga; e 1,11 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 2,08 T.R.B.  | Ribeira                            |
| Vigo Cinco                  | 8ª VI-5-13-05           | Embarcación tradicional galega | Traiñeira                  | Ten unha dimensión de 11,12 (L) de eslora; 2,59 de manga; e 1,04 de puntal. Ademais, posúe unha tonelaxe de 7,28 T.R.B. | Vigo                               |

\* \* \*

En Santiago de Compostela,  
O xefe do Servizo de Inventario: Claudio Otero Eiriz  
(sinatura electrónica na marxe)

